



EDITORIAL GALAXIA

NOVIDADES

xullo 2003



EDUARDO BLANCO AMOR

Os biosbardos

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2003, 132 páxinas

P. V. P. 9 € IVE incluído

BIBLIOTECA BLANCO AMOR

Editorial Galaxia presenta aos lectores un novo proxecto: a **Biblioteca Blanco Amor**. O obxectivo é publicar agrupada, cun deseño específico que ilustra a cuberta coas extraordinarias fotografías feitas polo propio escritor, a obra literaria do autor ourensán, un dos cimeiros das letras galegas do século XX. Esta biblioteca, que tamén incluírá a obra de Blanco Amor escrita en castelán, iníciase co libro de relatos *Os biosbardos*, ao que han seguir *Xente ao lonxe* e o libro de viaxes *Chile a la vista*.

Os contos de *Os biosbardos* (1962) escribiunos Blanco Amor coa intención de recrear a infancia, ese mundo compartido que todos levamos dentro. Protagonizados por rapaces e narrados desde a proximidade emotiva que fornece a primeira persoa, atopamos nestes relatos unha excepcional comprensión e unha pescuda sincera, tamén intensa, desa lenda que para cada un de nós vén ser a infancia.

Neste libro absolutamente fóra do común, Eduardo Blanco Amor recrea o mundo de Auria, a súa cidade natal, a través da ollada dos nenos. Da man dun dos grandes mestres da nosa narrativa contemporánea, o lector realiza unha viaxe íntima, ás veces desacougante, a través de oito relatos escritos co engado, a emoción e a eficacia que sempre posúen as evocacións dun mundo perdido, mais que aínda está presente na nosa memoria. Neles a lingua galega acada un novo e sorprendente rexistro, a habelencia do escritor para recrear a fala seduce a imaxinación e sorprende o oído. Nesta edición respéctanse integramente as escollas léxicas e morfolóxicas, os dialectalismos e todas as características lingüísticas propias do galego do autor.

Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979) emigrou aos vinte anos á Arxentina, onde se dedicou ao xornalismo, traballo que deu froitos como as súas sonadas crónicas de *La Nación* ou libros reportaxe como *Chile a la vista* (1951). Como escritor deuse a coñecer en 1928 co libro de poemas *Romances galegos* e, tres anos despois co anovador *Poema en catro tempos*. En 1959 aparecería publicada a súa novela máis coñecida, *A esmorga*, obra cume da narrativa galega, á que seguirían *Os biosbardos* e *Xente ao lonxe*, novela total na que fai a radiografía da sociedade a través de 170 personaxes. En castelán, escribiría a novela *La catedral y el niño* (1948) e *Los miedos* (1963).

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es